



CIRCULAR 10/2011 DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE DITAN INSTRUCIÓNS PARA A IMPLANTACIÓN DO SEGUNDO CURSO DOS ESTUDOS DE GRAO EN ARTE DRAMÁTICA.

No curso 2010/2011, ao abeiro do disposto na disposición adicional terceira do Real Decreto 630/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores do grao en arte dramática establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, puxéronse en marcha os novos estudos nas diferentes especialidades do grao en arte dramática, procedéndose a extinción, con carácter progresivo, das ensinanzas reguladas polo Real Decreto 754/1992, do 26 de xuño.

A Orde do 30 de setembro de 2010, pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en arte dramática na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ao dito grao, definiu os aspectos xerais da matrícula e acceso nestas ensinanzas.

Igualmente, a Circular 1/2011 e a Circular 2/2011 desta mesma dirección xeral precisan diversas cuestións referidas a aspectos académicos e ao proceso de avaliación nas ensinanzas de grao así como da realización das probas ordinarias e extraordinarias.

Rematado o primeiro curso na implantación dos novos estudos de grao en arte dramática, cómpre completar e aclarar diversos aspectos referidos á estas ensinanzas, así como determinar diversos aspectos novidosos que se desprenden da implantación do segundo curso das ensinanzas de grao en arte dramática.

A estes efectos, esta dirección xeral dita as seguintes instrucións.

1. Extinción do plan de estudos LOXSE.

- 1.1. De acordo co disposto no calendario de implantación dos novos graos en arte dramática, no curso 2011/2012 non se realizará matrícula nova nas materias correspondentes aos cursos 1º e 2º das diferentes especialidades reguladas polo plan de estudos disposto no Decreto 220/2005, do 7 de xullo. Unicamente poderá realizar a matrícula o alumnado con materias pendentes aos efectos de superalas.
- 1.2. En canto á docencia das materias extintas, así como ás convocatorias a exame para a superación das mesmas, será de aplicación o disposto no punto 1 da Circular 1/2011, así como a demais normativa que sexa de aplicación.

2. Incorporación de alumnado procedente do plan LOXSE.

O alumnado que estea cursando o plan de estudos a extinguir e desexe incorporarse ao novo plan de estudos de grao en arte dramática, regulado pola Orde do 30 de setembro de 2010, poderá facelo nas seguintes condicións:

- 2.1. O alumnado que teña permanecido no 1º curso do plan LOXSE e non teña cursado materia algunha do 2º curso deste plan de estudos, poderá incorporarse ao 1º curso dos estudos de grao da mesma especialidade e itinerario, no seu caso, e unha vez realizada a matrícula poderá instar o recoñecemento dos créditos cursados que correspondan, segundo o procedemento establecido no punto 2 da Circular 1/2011.
- 2.2. O alumnado que teña estado matriculado como curso máis alto, neste ano académico 2010/2011, en materias do 2º curso das ensinanzas correspondentes ao plan a



extinguir, poderá solicitar a súa incorporación ao 1º ou ao 2º curso das novas ensinanzas de grao, sempre que se trate da mesma especialidade e itinerario, no seu caso. Unha vez realizada a matrícula nas ensinanzas de grao, poderá instar o recoñecemento dos créditos cursados que correspondan, segundo o procedemento establecido no punto 2 da Circular 1/2011.

- 2.3. O alumnado que estivese matriculado en materias do curso 3º ou 4º do plan a extinguir, e teña esgotadas as convocatorias nalgunha das materias do plan, poderá solicitar con carácter excepcional a súa incorporación aos novos estudos de grao, no 1º ou no 2º curso. A dirección do centro, elevará un informe razoado á dirección xeral que autorizará o cambio de plan se procede. No caso de autorizarse, o/a interesado/a poderá instar recoñecemento dos créditos cursados que correspondan, segundo o procedemento establecido no punto 2 da Circular 1/2011.
- 2.4. O prazo para solicitar o cambio de plan nas condicións anteditas abrírase unha vez realizadas as probas extraordinarias de setembro e coñecidos os resultados, e pecharase, en todo caso, antes do 15 de setembro.
- 2.5. As convocatorias consumidas no plan a extinguir non se computarán nas convocatorias que se realicen para superar as disciplinas do plan de grao a que se accede. En calquera caso, debe terse en conta que a permanencia no centro consumida no plan anterior, computarase aos efectos do máximo de permanencia no grao ao que se accede, segundo o disposto no artigo 15 punto 4 da Orde do 30 de setembro de 2010. Excepcionalmente, no caso do alumnado da especialidade de Interpretación que cambie de plan, o tempo máximo de estancia no centro será de sete cursos académicos.

3. Matrícula.

Aos efectos de formalización de matrícula, serán de aplicación as normas xerais recollidas no artigo 8 da Orde do 30 de setembro de 2010, tendo en conta as aclaracións que seguen.

- 3.1. Non se poderá simultanear a matrícula en máis dun centro de ensinanza superior de arte dramática de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Comunidade Autónoma de Galicia, agás no caso de que se curse máis dunha especialidade e non existan nun mesmo centro.
- 3.2. No caso de que un alumno ou alumna desexe cursar unha segunda especialidade ou itinerario deberá realizar a proba de acceso completa nas mesmas condicións de calquera candidato de novo acceso ao centro.
- 3.3. A matrícula para o primeiro curso académico das ensinanzas de grao será de curso completo. Para os cursos seguintes o alumnado deberá matricularse cando menos de todas as disciplinas correspondentes ás materias de formación básica do curso máis alto no que se matricule, sen que se poida superar o número máximo de créditos dispostos no punto 3.5.
- 3.4. Sen prexuízo do carácter cuatrimestral das disciplinas, a matrícula realizarase por cursos completos, no caso de disciplinas distribuídas en dous cuatrimestres nun mesmo curso.
- 3.5. Sen prexuízo do disposto no punto 3.2 anterior, o número mínimo de créditos matriculados por curso académico será de 30, e o número máximo será de 75.
- 3.6. Considéranse disciplinas de contidos progresivos, aos efectos de matrícula, avaliación e docencia, todas aquelas que inclúen un número romano no seu nome, indicando unha serie de dous ou máis cuatrimestres.



3.7. No caso da matrícula en disciplinas pendentes, teranse en conta os seguintes criterios:

- 3.7.1. Será obrigatorio matricularse en todas as disciplinas pendentes consideradas de contidos progresivos, agás na que sexa a última da serie no plan de estudos.
 - 3.7.2. A matrícula nas disciplinas pendentes poderá realizarse con independencia do cuadrimestre no que se impartan.
 - 3.7.3. No caso de que un alumno ou alumna teña superada unha disciplina que se imparta no primeiro cuadrimestre, que sexa considerada de contidos progresivos, pero teña pendente a homónima progresiva do segundo cuadrimestre, o alumno ou alumna matricularase na disciplina de segundo cuadrimestre pendente, e poderá matricularse do curso completo seguinte, de habelo, e poderá asistir a estas clases do curso seguinte, así como ás correspondentes á materia pendente, no caso de que non a tivese superado na convocatoria extraordinaria de decembro.
 - 3.7.4. No caso de que un alumno ou alumna teña pendentes os dous cuadrimestres do curso natural dunha disciplina que sexa considerada de contidos progresivos, e supere estes dous cuadrimestres na convocatoria extraordinaria de decembro, poderá matricularse nos dous cuadrimestres do curso natural inmediato, de habelos.
- 3.8. Habilitase un período extraordinario de matrícula no mes de setembro, que rematará en todo caso antes do 20 de setembro, ao efecto de que poidan matricularse neste período extraordinario aqueles alumnos e alumnas que teñan solicitado o cambio de plan de estudos aos estudos de grao, unha vez rematadas as probas extraordinarias de setembro do plan a extinguir, así como aqueles/as que teñan accedido en virtude da proba de acceso de setembro, para o caso de que se convoque.
- 3.9. Habilitase un período extraordinario de matrícula no mes de decembro, a determinar polos centros, ao efecto de que poidan matricularse aqueles alumnos ou alumnas que teñan superado materias pendentes na convocatoria extraordinaria de decembro.

4. Convocatorias e avaliación.

No referente ás convocatorias e avaliación, serán de aplicación as normas xerais recollidas no artigo 13 da Orde do 30 de setembro de 2010, así como a Circular 2/2011 desta dirección xeral coas modificacións e aclaracións que seguen.

- 4.1. O alumnado non pode ser avaliado dunha disciplina considerada de contidos progresivos en tanto non teña sido superada a disciplina de número correlativo inferior.
- 4.2. Establécese unha convocatoria extraordinaria a realizar no mes de decembro para aqueles alumnos e alumnas que teñan pendentes materias de contidos progresivos ao efecto de que poidan regularizar a docencia e progresión académica. Poderase facer uso da mesma matriculándose previamente ao efecto, nos prazos que dispoñan os centros. No caso de superala, procederase coa regularización da matrícula de acordo co disposto nesta circular.
- 4.3. As convocatorias ás que un alumno ou unha alumna non se poida presentar en aplicación do punto 4.1 desta circular, serán anuladas de oficio pola dirección do centro sen necesidade de instar procedemento de renuncia por parte do/a interesado/a.
- 4.4. Para o curso 2011/2012 establécese o seguinte calendario de probas de avaliación no referido ás ensinanzas de grao en arte dramática:



- a) O período lectivo do primeiro cuadrimestre abrangue desde o 16 de setembro ata o 20 de xaneiro, ámbolos dous inclusive. Os exames ordinarios realizaranse entre o 23 de xaneiro e o 3 de febreiro, ámbolos dous inclusive.
- b) O período lectivo do segundo cuadrimestre abrangue desde o 6 de febreiro ata o 25 de maio, ámbolos dous inclusive. Os exames ordinarios realizaranse entre o 28 de maio e o 15 de xuño, ámbolos dous inclusive.
- c) Os exames extraordinarios da convocatoria de decembro realizaranse entre o 12 e o 16 de decembro, ámbolos dous inclusive.
- d) Os exames extraordinarios da convocatoria de xullo realizaranse entre o 9 e o 13 de xullo, ámbolos dous inclusive.

4.5. O alumnado poderá renunciar ás convocatorias nos seguintes prazos:

4.5.1. Para as convocatorias ordinarias: ata un mes natural antes do inicio do período das probas.

4.5.2. Para as convocatorias extraordinarias: ata unha semana antes do inicio do período das probas.

4.6. O procedemento para a solicitude de renuncia e conseguinte anulación, será o descrito no artigo 12 da Orde do 30 de setembro.

5. Adscrición de competencia docente de disciplinas de segundo curso das ensinanzas de grao.

5.1. A adscrición da competencia docente nas disciplinas de segundo curso dos estudos superiores de grao realizarase segundo o establecido no anexo II da Circular 9/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para o inicio do curso 2010-2011 na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2011

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

